

TFE 2026

MATÍAS PRIETO CABALEIRO

GUITARRA



PROGRAMA

Sonatina dedicada a David Rusell de Jorge Morel

I. *Allegretto*

II. *Andante espressivo*

III. *Allegro*

Scherzino mexicano de Manuel M. Ponce

Sonatina meridional de Manuel M. Ponce

I. Campo

II. Copla

III. Fiesta

DESCANSO

Choros nº1 de Heitor Villa-Lobos

5 Preludios de Heitor Villa-Lobos

I. Homenagem ao Sertanejo Brasileiro

II. Homenagem ao Malandro Carioca

III. Homenagem ao Bach

IV. Homenagem ao Índio Brasileiro

V. Homenagem à Vida Social

Matías Prieto Cabaleiro, guitarra

Notas Programa

Sonatina dedicada a David Russell de Jorge Morel

A *sonatina* de Jorge Morel é unha das obras máis importantes deste e que ademais destaca a importante relación que tiña co intérprete escocés. Nesta obra Jorge Morel intenta mesturar os seus recordos da música jazz e blues de Nova York co folclore sudamericano. O primeiro movemento destaca pola súa rítmica e por unha melodía moi influenciada polo jazz. O segundo movemento ten un carácter máis íntimo e que busca crear unha atmósfera de tranquilidade usando recursos do blues e por último un terceiro movemento moi rápido con unhas partes moi marcadas e que da un final a esta obra muy enérxico e a frescura rítmica do *jazz*, o *blues* e o folclore sudamericano.

Scherzino mexicano de Manuel María Ponce

O Scherzino mexicano é unha pequena obra composta orixinalmente para piano pero que Andrés Segovia transcribiu á guitarra. Esta pequena obra caracterízase por ter unha forma A-B-A e por o uso de melodías populares mexicanas.

Sonatina Meridional de Manuel María Ponce

Esta obra sae da colaboración entre Ponce e Andrés Segovia. Ponce buscaba mesturar a súa música mexicana co paisaxe do Sur de España. Divídese en 3 movementos, o primeiro destaca pola súa melodía e por estar cheo de enerxía con esos constantes acordes, o segundo é un movemento lento que deixa ao intérprete moita liberdade expresiva e por último o terceiro con gran carácter rítmico e festivo. Estes dous últimos movementos fanse sen parar, todo seguido.

Choros nº1 de Heitor Villa-lobos

Forma parte dos 14 choros de Villa-lobos. Este é o primeiro deles e un dos máis coñecidos. Caracterízase por esa rítmica brasileira tan popular é por esos cambios de tempo e harmonía constantes.

5 Preludios de Heitor-Villalobos

Unha das obras máis importantes e coñecidas da historia da guitarra. É unha gran homenaxe a toda a vida e xeografía brasileira. O primeiro preludio é unha homenaxe ao habitante do interior de Brasil, e que se caracteriza por unha melodía de registro grave que quere recordar a un violonchelo. O segundo preludio realiza unha homenaxe ao espírito rueiro de Rio de Janeiro e que evoca as bandas rueiras e ao choro carioca. O terceiro reflicte a gran admiración de este a Bach, unha peza moi contrapuntística e con un gran virtuosismo. O cuarto preludio basease na soledade e no misticismo das comunidades indígenas do Amazonas, e por último o máis famoso de todos o preludio nº5 que vai dedicado a súa xuventude e ao pracer de gozar da sociedade de Río de Xaneiro

Biografía:

Matias Prieto Cabaleiro

Matías Prieto Cabaleiro nado en Foz (Galicia,2004), inicia a súa formación musical na Escola de Música Arcadio Mon en Foz co profesor Felipe Sanchez Fernandez e continúa os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro da man de Antonio José Álvarez Neira.

Actualmente está a rematar o Grao Superior de Interpretación no Conservatorio Superior de Música da Coruña con profesores como Francisco Javier Eiras Tojo e Eulogio Garcia-Fernandez Albalat.

Ademáis participou en diversas materclasses con grandes guitarristas como Michallis Kontaxakis, Constantin Andrei e Marcin Dylla. Na actualidade toca cunha guitarra de cedro do luthier Alkis Efthimiadis(2018)

Primeiro agradecer a miña familia que sen eles isto non sería posibel, aos meus amigos e amigas que sempre estiveron axudándome, aos meus profesores que me ensinaron todo o que sei e que sempre foron un gran apoio para min e a todos os presentes por vir a este concerto. Espero que disfruten. Grazas